912.230.00	Dietas de cargos electivos Orzamentado 2013: 500,00 Liquidado: 0,00 Disposto 2014: 12,00 Dispoñible: 1.488,00	1.500,00
912.231.00	Locomoción de cargos electivos Orzamentado 2013: 500,00 Liquidado: 476,52 Disposto 2014: 349,38 Dispoñible: 150,62	500,00
920.212	Reparación, mantemento e conservacion. Casa Consistorial Orzamentado 2013: 4.000,00 Liquidado: 4.807,54 Disposto 2014: 3.955,27 Dispoñible: 1.044,73	5.000,00
920.220.00	Material de oficina non inventariable Orzamentado 2013: 17.500,00 Liquidado: 18.881,89 Disposto 2014: 8.205,01 Dispoñible: 6.794,99 Material de oficina, mantemento fotocopiadora Da Casa do Concello	15.000,00
920.220.01	Prensa, revista, libros e outras publicacións Orzamentado 2013: 5.000,00 Liquidado: 9.056,31 Disposto 2014: 6.203,28 Dispoñible: 1.796,72 Suscripcións de todo tipo. Secretaria, Intervención	8.000,00

920.220.02	Material informático non inventariable. Contrato mantemento progr. Orzamentado 2013: 9.000,00 Liquidado: 12.243,92 Disposto 2014: 6.097,44 Dispoñible: 2.902,56 Servizos de mantemento de programas informáticos, nóminas, padrón	9.000,00
920.221.00	Consumo enerxía eléctrica Orzamento 2013: 12.000,00 Liquidado: 9.936,00 Disposto 2014: 4.983,89 Dispoñible: 10.016,11 A facturación de Hca. de Silleda figura pagada ata o mes de marzo- abril	15.000,00
920.221.03	Consumo combustibles e carburantes. Calefacción Orzamentado 2013: 10.000,00 Liquidado: 3.730,00 Disposto 2014: 3.560,00 Dispoñible: 3.440,00	7.000,00
920.221.10	Productos de hixiene e limpeza Orzamentado 2013: 4.000,00 Liquidado: 4.705,17 Disposto 2014: 3.953,90 Dispoñible: 3.046,10	5.000,00
920.222.00	Servizos de telecomunicacións. Gastos telefónicos Orzamentado 2013: 30.000,00 Liquidado: 31.483,40 Disposto 2014: 15.986,67 Dispoñible: 10.013,33	26.000,00
920.222.01	Gastos postais Orzamentado 2013: 9.000,00 Liquidado: 5.757,00 Disposto 2014: 1.986,71 Dispoñible: 2.013,29	4.000,00
920.224.00	Primas a seguros Orzamentado 2013: 10.00,00 Liquidado: 4.702,01 Disposto 2014: 2.312,31 Dispoñible: 2.687,69	5.000,00
920.226.04	Gastos xurídicos Orzamentado 2013: 120.000,00 Liquidado: 92.890,36 Disposto 2014: 28.426,70 Dispoñible: 11.204,29 2013 Minutas de honorarios avogada, pago débeda BSCH, provisión de fondos ... 2014 Minutas de honorarios avogada, pago débeda prime crédito 3 BSCH, provisión de fondos ...	51.782,53
920.226.99	Outros Gastos diversos. Xulgado, envíos varios Orzamentado 2013: 14.000,00 Liquidado: 8.427,20 Disposto 2014: 5.286,59 Dispoñible: 6.713,41	12.000,00
920.227.06	Estudios e traballos técnicos. Proxectos, informes ... Orzamentado 2013: 30.000,00 Liquidado: 52.519,60 Disposto 2014: 15.642,88 Dispoñible: 19.357,12 Honorarios pola redacción de proxectos de todo tipo	35.000,00
920.227.09	Traballos realizados por outras empresas. Mantemento soporte inf. Orzamentado 2013: 10.000,00 Liquidado: 9.338,16 Disposto 2014: 4.741,68 Dispoñible: 5.258,32	10.000,00
920.231.00	Desprazamentos persoal Admon. Orzamentado 2013: 0,00 Liquidado: 2.951,07 Disposto 2014: 157,25 Dispoñible: 842,75	1.000,00
920.27	Gastos imprevistos e funcións non clasificadas Orzamentado 2013: 0,00 Liquidado: 1.935,09 Disposto 2014: 0,00 Dispoñible: 1.000,00 O disposto no exercicio 2013 corresponde cunha sanción da Axencia Tributaria por IRPF	1.000,00
931.227.08	Taxa recadación Oral Orzamentado 2013: 128.000,00 Liquidado: 118.584,11 Disposto 2014: 53.236,63 Dispoñible: 66.763,37	120.000,00
Total capítulo II		2.610.249,29
III. GASTOS FINANCIEROS		
011.310.00	Xuros créditos	144.716,76
Total capítulo		144.716,76



III		
IV. TRANSFERENCIAS CORRENTES		
230.48	Subvencións emerxencia social Orzamentado 2013: 6.000,00 Liquidado: 3.092,05 Disposto 2014: 3.389,24 Dispoñible: 2.610,76	6.000,00
334.48	Subvencións Asociacións e Festexos Populares Orzamentado 2013: 48.000,00 Liquidado: 50.050,00 Disposto 2014: 7.600,00 Dispoñible: 52.400,00 Subvencións a entidades culturais e diversos actos populares	60.000,00
334.480.01	Outros Gastos diversos. PAM/14 Festas Gastronómicas Subv. Para gastos xerais festas intereses turístico.	24.700,00
336.48	Subvencións Instit. Sen animo de lucro. Convenio feuga Orzamentado 2013: 8.600,00 Liquidado: 5.337,32 Disposto 2014: 5.046,90 Dispoñible: 2.215,74 Pago becarios	7.262,64
341.48	Subvencións para actividades deportivas Orzamentado 2013: 24.050,00 Liquidado: 11.785,12 Disposto 2014: 0,00 Dispoñible: 24.027,84 No exercicio 2013 non se contempla a subvención (10.000,00) a Escola de Fútbol de Silleda	24.027,84
432.466	A Deputación Provincial. Convenio de Colaboración turística.	2.500,00
912.489.00	Grupos políticos municipais	7.512,00
942.463	Cota Mancomunidade	25.530,00
942.466	Cota FEGAMP	2.500,00
942.466.01	Cota FEMP	508,78
Total capítulo IV		160.541,26
VI. INVESTIMENTOS REAIS		
151.623	Maquinaria, instalacións técnica e utensilios Orzamentado 2013: 0,00 Disposto 2014: 1.700,00 Dispoñible: 800,00 Adquisición corta cesped	2.500,00
151.624	Elementos de Transporte Orzamentado 2013: 10.000,00 Liquidado: 8.200,00 Disposto 2014: 3.025,00 Dispoñible: 0,00 Adquisición furgoneta 9229-BNL	3.025,00
337.609	Repar. Mantemento e conservación. Creación de espazos biosaludables	22.928,00
342.609	Repar. Mantemento e conservación. Cuberta de pistas de padel en O Castro	49.999,62
342.632	Acondicionamento Pavillón de Deportes de Bandeira	15.731,59
342.632.01	Repar. Mantemento e conservación. Fondo de compens. Ambiental Renovación sistema iluminación campo de fútbol de Bandeira	42.655,80
342.635	Inversión asociada ao funcionamento dos servizos. Mobiliario. Punto deportivo Xuvenil de Silleda	14.414,42
414.636	Equipos para o proceso da información. Adquisición equipos informáticos Centros Parroquiais	8.262,98
433.619	Outros investimentos, reposición de infraestruturas. Pavimentación viais Polígono Industrial Area 33	115.345,40
454.619	Outros investimentos, mellora de camiños de titulariedade municipal. Bandeira, Escuadro e Bazar	90.848,46
454.619.01	Outros investimentos, reposición de infraestruturas. Rehabilitación varios viais.	288.160,26

	CAPITULO VI	653.871,53
	VIII. ACTIVOS FINANCIEROS	
920.831.00	Anticipos ao persoal	12.000,00
	Total capítulo VIII	12.000,00
	IX. PASIVOS FINANCIEROS	
011913	Amortizacións préstamos a longo prazo	198.763,65
	Total capítulo IX	198.763,65
	TOTAL ORZAMENTO DE GASTOS	5.808.695,04
	SUPERAVIT	396.327,10 €
	REMANENTE NEGATIVO 2013	-396.327,10 €
	DIFERENCIA	0,00 €

----- ... -----

5ª .- APROBACION DA PROPOSTA DE ADHESION AO CONVENIO MARCO ENTRE A DEPUTACION E OS CONCELLOS PARA A PRESTACION DO SERVIZO DE RECOLLIDA E TRATAMENTO DE RESIDUOS SOLIDOS URBANOS E ASIMILBLES.

Dáes conta da Proposta da Alcaldía que segue:

“”

PROPOSTA DA ALCALDÍA

Sobre a APROBACION DA PROPOSTA DE ADHESION AO CONVENIO MARCO ENTRE A DEPUTACION E OS CONCELLOS PARA A PRESTACION DO SERVIZO DE RECOLLIDA E TRATAMENTO DE RESIDUOS SOLIDOS URBANOS E ASIMILABLES

Tendo en conta que na adxudicación vixente da concesión do servizo de recollida de residuos sólidos urbanos existe unha mellora comprometida polo adxudicatario de recollida polo sistema de carga lateral, a nosa consideración parte da base de adherimos ao Convenio condicionado a que o mesmo non supoña unha situación de menores prestacións que as xa existentes nestes intres, mais en concreto a referida,

Polo exposto, elevo ao Pleno a seguinte:

PROPOSTA

Única.- Adherimos ao “CONVENIO MARCO ENTRE A DEPUTACION E OS CONCELLOS PARA A PRESTACION DO SERVIZO DE RECOLLIDA E TRATAMENTO DE RESIDUOS SOLIDOS URBANOS E ASIMILABLES”, coa condición de que a mesma non supoña unha situación de menores prestacións que as xa existentes na adxudicación vixente.

En SILLEDA, 18 de Setembro do 2014. Asinado: O ALCALDE. *Manuel Cuiña Fernandez*

“”

... ..



Sr. Alcalde: esperamos que resulte unha mellora participar neste Convenio, e poñemos como condición manter as prestacións da adxudicación que se acaba de facer, a carga lateral, o aumento de contenedores, horario...

VOCEIRO PP: estamos de acordo coa proposta.

VOCEIRO BNG: quixera saber si esta idea de adxudicación do servizo pola Deputación contempla a posibilidade do compostaxe, algo que nos reivindicamos como necesario incidir nese aspecto. Creo que faltan elementos para analizar esta proposta. Por exemplo un estudio económico que nos axude aos concelleiros a ter unha mellor información sobre o caso. Creo que o Alcalde sae beneficiado, claro, con esta opción. ¿Cómo quedará o déficit do servizo en Silleda? Si se anula ou se asume polo adxudicatario neste proceso será un beneficio... Sería interesante coñecer asimesmo a repercusión sobre os custes de SOGAMA, para rematar a pregunta final de si se abaratarán os servizos tanto de recollida como de tratamento. Esa é unha incógnita. Claro que sería positivo si se baixara, claro, pero non hai datos ...

Se somete a votación co resultado seguinte: 12 votos a favor -6 PSOE e 6 PP- e 1 abstención -BNG-.

- Queda aprobada a Proposta de Adhesión ao “CONVENIO MARCO ENTRE A DEPUTACION E OS CONCELLOS PARA A PRESTACION DO SERVIZO DE RECOLLIDA

E TRATAMENTO DE RESIDUOS SOLIDOS URBANOS E ASIMILABLES”, coa condición de que a mesma non supoña unha situación de menores prestacións que as xa existentes na adxudicación vixente.

----- -----
INCISO: a concelleira María Dolores García Troitiño abandona a Sala por motivos persoais.

6º.- RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA.

Dáse conta.

B .-Parte de control dos órganos de goberno.

7º.- MOCIÓNS DOS GRUPOS POLÍTICOS.

7.1 .- MATIAS RODRIGUEZ DA TORRE, CONCELLEIRO DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO ACREDITADO NO CONCELLO DE SILLEDA, PRESENTA PARA DEBATE E ACORDO EN PLENO A SEGUINTE MOCIÓN CONTRA O CANON BIBLIOTECARIO EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

O pasado 1 de agosto, en pleno período vacacional, o Goberno do Estado español publicaba o Real Decreto 624/2014, de 18 de xullo, que obriga ao pago polo empréstito a arquivos, museos e bibliotecas, un RD que responde ás esixencias da Directiva europea 2006/115/CE, de 12 de decembro de 2006. Trátase dunha directiva pensada para países do norte de Europa, cunha situación cultural moi diferente da estatal e da galega. Estes países, que contan cun sistema bibliotecario que foi sempre o espello no que miramos, son considerados paradigma da xestión bibliotecaria tanto pola IFLA (Federación Internacional

de Asociacións de Bibliotecarios) como pola UNESCO (Organización das Nacións Unidas para a Educación, a Ciencia e a Cultura). Porén, a situación das bibliotecas galegas está ben lonxe do sistema bibliotecario deses países e o pago do canon non fará máis que empeoralala.

O real decreto determina o pago de dereitos de cada autor@ con base no pagamento dun canon por empréstito; establece o pago de 0,004€ por empréstito realizado e 0,05€ por persoa usuaria das bibliotecas. Ademais, sinala que mentres non se poida aplicar o pago por empréstito, establececase o canon de 0,16€ por obra adquirida pola biblioteca e dispoñíbel para ser prestada. O RD non ten en conta a situación de Galiza, onde non existe un carné de usuari@ único e onde moit@s usuari@s son soci@s de máis dunha biblioteca e, por tanto, por unha mesma persoa pagarase varias veces. Esta medida é un claro ataque ás bibliotecas públicas, que verán aínda máis diminuídas as posibilidades de actualizaren o seu fondo, e fai recaer o peso do pago sobre os concellos, que son, en moitas ocasións, as administracións que máis invisten en cultura a pesar de dispoñer de menos recursos que outras administracións. A normativa representa tamén un ataque ao dereito da cidadanía á lectura e ao acceso á cultura, prexudicando, máis unha vez, a quen menos ten, pois ao deteriorarse este servizo público dificultarase o acceso á cultura das persoas con menos recursos.

Con este RD dáse tamén o paradoxo de que as bibliotecas que prestan máis servizo e que teñen máis fondos e maior número de empréstitos son prexudicadas ao teren que achegar máis cartos por dar un maior e mellar servizo, feito que vai provocar unha rebaixa no seu nivel de calidade e de servizos prestados e mesmo unha diminución moi importante das súas adquisicións. Chegaremos ao absurdo de obrigar as bibliotecas a ter que prestar menos servizos, realizar menos compras e menos empréstitos para que os concellos propietarios desa bibliotecas poidan pagar menos cantidade polo canon.

A situación actual das bibliotecas municipais non é boa, tal e como manifestou reiteradamente a Asociación de Arquiv@is, Bibliotecari@s, Museólog@s e Documentalistas de Galiza (Anabad Galicia), dadas as caídas continuada dos investimentos, tanto nos orzamentos municipais como nos galegos e nos estatais, para todo tipo de actividades, mais sobre todo para a compra de fondos. Á desaparición do programa de cofinanciamento para a adquisición de fondos do Ministerio de Educación, Cultura e Deporte sumouse a desaparición -tanto en 2011 como en 2014- das axudas da Xunta de Galicia para a compra de fondos para bibliotecas públicas municipais.

Tamén está a vivir un panorama negativo o sector da edición galega, que vai ver como este real decreto o afunde aínda máis. Nun comunicado conxunto de xaneiro de 2014 a AELG, a Asociación Galega de Editores e GÁLIX, denunciaron que o sector da edición galega perdeu desde 2008 o 38 % do seu emprego directo, está a padecer unha redución drástica de fondos destinados á adquisición de novidades editoriais para bibliotecas públicas (un 64,8% menos) e das axudas para a edición de materiais didácticos en lingua galega (un 75 % menos). E isto sucede ao tempo que a compra de fondos está a padecer, como toda a actividade cultural, a suba do gravame do IVEcultural, até 021%.

Tampouco autoras e autores van saír indemnes do pago se tivermos en conta que moit@s autor@s son coñecid@s e as súas obras son vendidas porque son difundidas nas bibliotecas. Se as bibliotecas deron menor servizo e adquiriren menos fondos será menor a promoción d@s autor@s e est@s deixarán de percibir ingresos por dereitos de autoría.

Non se pode facerlle pagar por ler á cidadanía, por iso cómpre defender a biblioteca entendida como espazo xerador de cultura coa participación activa das persoas usuarias. Para isto, é necesario un impulso desde a Xunta de Galicia e a defensa do libro o e da



cultura galega, do produto cultural propio, de calidade, asequíbel e accesíbel a toda a cidadanía.

Por todo isto, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación Municipal de Silleda a adopción do seguinte

ACORDO:

1. Instar á Xunta de Galiza a que demande do goberno do Estado español a paralización do Real Decreto 624/2014.
2. Trasladar este acordo ao presidente do Estado español, ao presidente da Xunta de Galiza e aos grupos parlamentares no Parlamento galego.
3. O Pleno do Concello de Silleda comprométese a defender ás bibliotecas municipais como espazos xeradores de cultura polo que garantirá orzamento adecuado para a compra de fondos.
4. Instar á Xunta de Galiza a pór en marcha as medidas necesarias para comprometer un plan de mellora, modernización e coordinación da rede bibliotecaria pública galega.
5. Instar á Xunta de Galiza a que destine as partidas orzamentarias suficientes para que as bibliotecas públicas galegas alcancen as recomendacións dos organismos internacionais, a IFLAe a UNESCO, en canto a estándares de calidade.
6. O Concello de Silleda sumarase ás campañas postas en marcha contra o CANON BIBLIOTECARIO.

Silleda, 1 de setembro de 2014. Asdo. Matías Rodríguez da Torre

INTERVENCIONS:

Voceiro PP: aclara que o problema da financiación non é unha desisión do PP., senón que é un mandato, unha obriga dentro da U.E. Trátase dunha normativa europea, e de ahí ven sete tema, así que non e cousa do PP.

Sr. Alcalde: estamos de acordo.

Voceiro BNG: se trata dunha medida antisocial se lle chame como se queira, da UE, de Madrid e da XUNTA. Iso é do que se tarta...

Votacion e acordo: previo empate con 6 a favor (BNG (1) e PSOE (5) e 6 en contra (PP), se desmputa co voto da calidade do Alcalde.

7.2 .- MATIAS RODRIGUEZ DA TORRE, CONCELLEIRO DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO ACREDITADO NO CONCELLO DE SILLEDA, PRESENTA PARA O DEBATE E ACORDO EN PLENO, A SEGUINTE MOCIÓN POLA DEFENSA DA PLURALIDADE E A PARTICIPACIÓN POLITICA E CONTRA A REFORMA ELECTORAL QUE PRETENDE O PP

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Despos de 30 anos de se manteren no Estado español certos elementos básicos do sistema electoral, entre os que cómpre salientar a retrición da proporcionalidade que

beneficia, sobre todo, os partidos máis votados e con maior implantación, o Partido Popular decidiu desenvolver unha ofensiva en diferentes fronteiras contra a democracia, as liberdades públicas e o dereito de participación e de expresión da cidadanía. De aí que pretenda, por unha parte, unha reforma da lei baseada na redución do número de deputados e deputadas para integraren o Parlamento galego e unha reforma da lexislación electoral para facilitar a investidura automática como alcalde ou alcaldesa da persoa que ocupe o primeiro posto da lista máis votada, aínda que non se corresponda coa expresión da vontade da maioría dos cidadáns e das cidadás que emitiron o seu voto. De feito, o que o PP leva expresado publicamente arredor da súa proposta non é que se escolla o/a alcalde/esa directamente, senón que uns votos posúan máis valor que outros.

Os obxectivos do PP son os de se asegurar con maior facilidade acadar a maioría absoluta e reducir a pluralidade política que a cidadanía expresa a través das urnas. Estamos, pois, ante unha subversión dos alicerces da representación democrática que vai na liña contraria do que defende o BNG. Esta medida, para alén de constituír un intento do Partido Popular de concentrar nas súas mans o maior número de alcaldías, supón, na práctica, unha reforma que incide na concentración de poder nas mans de alcaldes e alcaldesas, privando ao pleno, aos órganos colexiados e, por tanto, á cidadanía de capacidade de control da actuación municipal. De feito, todos os informes especializados e os organismos internacionais sinalan que un dos principais elementos para combater a corrupción é a maior participación política e a pluralidade fronte á concentración do poder. Velaí as verdadeiras medidas anticorrupción que o PP non quere aplicar.

Estamos, pois, ante unha tentativa de lexitimación de concesión dun poder absoluto a órganos unipersoais, que reforzan o presidencialismo e restan pluralidade. Téntase que os gobernos locais non reflictan a pluralidade política e social existente, senón que unha parte poida gobernar ao seu antollo, a través dun/unha alcalde/esa que goberne aínda que o seu apoio popular nas urnas sexa minoritario.

O Bloque Nacionalista Galego considera esta proposta profundamente antidemocrática e contraria ao interese do conxunto da sociedade, que continuamente está expresando a súa demanda de exercer unha maior participación, control e transparencia das institucións. Mais tamén xulga que os contidos que o PP está a manifestar publicamente que configurarían a proposta de reforma electoral son contrarios á configuración institucional e de representación política consagrada no actual ordenamento xurídico.

Por todo isto, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación Municipal de Silleda a adopción do seguinte

ACORDO:

O Concello de Silleda insta ao Goberno Galego a:

- 1.- Manifestar a súa rotunda oposición á proposta de reforma da lexislación electoral formulada polo Goberno do Estado que ten como finalidade que ostente a alcaldía a lista que resulte máis votada, reforzando deste xeito a concentración do poder municipal en órganos unipersoais e vulnerando a expresión do pluralismo político da cidadanía e a súa capacidade de participación e control da xestión pública municipal.
- 2.- Dirixirse ao Goberno do Estado español coa finalidade de instar unha modificación do sistema electoral que favoreza unha mellor expresión nos órganos de representación da pluralidade política da cidadanía e unha maior participación no impulso e decisión das políticas públicas, introducindo medidas tales como:



a) Definición, agás no caso de eleccións municipais, como circunscrición electoral do territorio galego, isto é, incluír como circunscricións electorais únicas as actuais comunidades autónomas.

b) Eliminación da regra de Hont da fórmula de asignación da representación nos órganos e substituíndoa por outra que garanta un resultado máis proporcional á vontade expresada pola cidadanía.

c) Eliminación do limiar mínimo para acceder á repartición de representación.

d) Regulación da capacidade de convocatoria de referendos a todas as administracións en asuntos do seu interese, e fixando un *catálogo* de asuntos que deben ser obxecto de consulta obrigatoria antes de adoptar unha decisión (especialmente aqueles vinculados coa xestión dos servizos públicos), así como un procedemento para que un determinado número de persoas poida esixir a convocatoria de referendos con carácter vinculante para os poderes públicos.

Silleda, 1 de setembro de 2014. Asdo. Matías Rodríguez da Torre

INTERVENCIONS:

Voceiro PP: estamos totalmente en contra e xa o dixemos noutras mocións, xa presentamos unha ao seu favor, e a elo me remito, isto é voltar ao mesmo.

Sr. Alcalde: estamos de acordo sempre e cando quedara claro que o referéndum non sexa vinculante senón consultivo, como esixe a normativa constitucional actual. Si o voceiro do BNG quixera modificar ese punto estaríamos a favor

Voceiro BNG: non. Non poido aceptar ese cambio..., porque non, vai en contra do que se pide, do espírito da moción...non.

Votacion e acordo: se rexeita con un voto a favor (BNG) e 6 en contra do PP e 5 abstencións do PSOE.

7.3.- MATIAS RODRIGUEZ DA TORRE, CONCELLEIRO DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO ACREDITADO NO CONCELLO DE SILLEDA, PRESENTA PARA DEBATE E ACORDO EN PLENO A SEGUINTE MOCIÓN PARA SOLICITAR O REXISTRO DO CONCELLO NO DOMINIO. GAL

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No marco da actual sociedade da información o que non está na internet non existe. A comunidade galega no mundo, a nosa lingua e a nosa cultura xa gozan dunha marca propia con que identificar todos os contidos que xeramos na Rede e, así, facérmolos máis visíbeis dentro deste espazo de comunicación global. O .gal é o dominio que nos corresponde como comunidade con fortes vínculos lingüísticos, culturais, históricos e sociais. Unha especie de sufixo con que identificamos na internet as páxinas escritas en galego e que se dirixen á sociedade galega nas súas comunicacións en liña e que, tendo en conta a dispersión do pobo galego no mundo, non se circunscribe a un ámbito territorial concreto. Tecnicamente

viábel e económica, social, lingüística e culturalmente rendíbel, o .gal encádrase nos dominios patrocinados de primeiro nivel.

O dominio é xestionado pola Asociación PuntoGal e os ingresos económicos que se producen poia súa actividade serven para o mantemento do propio dominio e, no caso de se produciren beneficios, estes son investidos no fomento da lingua e cultura galega dentro do ámbito das novas tecnoloxías.

O dominio .gal fai que se poidan localizar os contidos destinados ao público galego ou referentes á sociedade galega de xeito máis rápido, poderanse organizar os contidos en galego na rede de xeito máis eficiente e as institucións poden presentarse perante o público galego dun xeito máis próximo. O dominio galego axudará a consolidar unha comunidade galega na internet, o .gal permitirá facer visíbeis os produtos, a cultura e a comunidade galega no mundo e contribuirá ao uso e fomento das novas tecnoloxías por e para a sociedade galega.

De cara a un funcionamento regular do sistema de rexistro de nomes de dominios co sufixo .gal foi preciso establecer unhas fases que garantiran un correcto funcionamento e estabilidade do sistema e que tanto as entidades públicas como privadas puidesen protexer debidamente as súas marcas tanto comerciais como de utilidade pública, polo que se estableceron uns períodos de rexistro moi diferenciados que comprenderon unha fase previa que foi denominada Programa Pioneiros. Este programa permitiu poñer na Rede un grupo reducido e significativo de dominios e deu paso á segunda fase en que se porán en marcha os Programas Abrente ou *Sunrise* xunto ao Programa Carreira ou *Landrush*, previos á terceira fase de apertura xeral en Que todo o mundo poderá rexistrar o seu dominio .gal.

Segundo os prazos que se deseñaron para rexistrar os dominios .gal, o Programa Pioneiros púxose en marcha para un grupo reducido de páxinas web baixo unhas condicións especiais. Durante o pasado mes de xuño recibíronse solicitudes na Asociación PuntoGal e, tras seren peneiradas e aceptadas, só noventa e tres delas entraron en funcionamento o pasado 25 de xullo.

A seguir, na Fase de lanzamento, ábrese o período coñecido como Abrente ou Sunrise que permitirá que aquelas entidades tanto públicas como privadas poidan exercer o seu dereito preferente de solicitaren un dominio. Esta fase desenvolverase entre os meses de setembro e novembro. Simultaneamente ao Abrente desenvolverase o proceso de Carreira ou *landrush*, en que aquelas persoas interesadas en dominios sen prioridade de especial interese poderán ter a súa oportunidade de solicita-lo.

Finalmente daráselle paso á Fase Aberta, en que se abrirá o rexistro libre de dominios para o público xeral e que comezará a funcionar arredor de decembro.

Asemade hai que facer fincapé no feito de que máis alá dun beneficio económico (porque o dominio e as web .gal tributarán en Galiza), este paso suporá unha maior proxección no eido dixital e servirá para que o noso país se vexa no mundo.

Por iso pedimos do Pleno da Corporación municipal de Silleda a adopción do seguinte

ACORDO:

1.-Instar o Goberno municipal para que rexistre e active o seu enderezo .gal nos prazos establecidos pola asociación que xestiona o dominio galego.



2.- Instar o Executivo municipal para que estableza un plan local de promoción entre as diferentes entidades e asociacións locais co obxecto de que comecen a mudar as súas páxinas web cara ao .gal, incluíndo o preceptivo asesoramento para a migración de todos estes enderezos cara a este novo dominio que nos identifica como país.

3.- Instar o Goberno local a fin de que xestione unha liña extraordinaria de axudas destinadas ás entidades e asociacións municipais para facer fronte á tarifa da Asociación PuntoGal que se publicará como "prezo normal" ao lon"o do mes de setembro.

Silleda, 4 de setembro de 2014. Asdo. Matías Rodríguez da Torre

INTERVENCIONS: os 3 grupos manifestan o seu acordo.

Votacion e acordo: Se aproba por unanimidade.

7.4 .- Silleda, 19 de setembro de 2014

MATÍAS RODRÍGUEZ DA TORRE, concelleiro do BNG acreditado no Concello de Silleda presenta a seguinte MOCIÓN PARA A INSTALACIÓN DA CUBERTA NO PATIO DE CEIP SILLEDA NO ANO LECTIVO 2014/2015.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Máis un curso comeza o ano lectivo e a promesa incumplida da instalación da cuberta no patio do Ceip de Silleda semella ficar no esquecemento dos investimentos públicos das administracións. Máis un curso comeza a tempada de choivas e séguese permitindo que o alumnado -de entre 3 e 12 anos- se molle, pois fican as nenas e os nenos expostos á intemperie á chegada á escola e á saída, e o que é peor, nas horas de lecer, recreos polo tanto, non teñen posibilidade de espaxarse e brincar como si poden facer noutros centros ao contar con patio cuberto.

Desde o BNG lembramos que desde a Consellaría de Educación non poden ter tal deixadez neste asunto e deben recuperar o proxecto, e conxuntamente co Concello de Silleda, deben rectificar e talvez refacer un proxecto de cuberta en boas condicións, aínda que finalmente teña menos metros cadrados dos proxectados inicialmente, pois o fundamental é ter determinación, ser prácticos, deixar se marear a perdiz e pasarse a pelota e darse conta da necesidade real deste asunto altamente demandado por toda a comunidade educativa do CEIP de Silleda: equipo directivo, claustro de profesores, consello escolar, nais e pais.

O BNG exíxelle de vez aos responsábeis políticos educativos, nomeadamente o xefe territorial que se deixe de ser o portavoz do Partido Popular no goberno e cumpra coa instalación dunha das necesidades máis perentorias que ten en toda a súa área de goberno.

Recorda o Bloque que o patio cuberto do Centro, para o cal si fora comprometido por xestións do BNG entón no goberno municipal de Silleda un investimento de arredor de 50.000 ou 60.000 euros polo propio xefe territorial, César Pérez Ares e recoñecido e apoiado anteriormente polo Conselleiro de Educación, Jesús Vázquez, na súa visita ao centro, non pode quedar no esquecemento e na desculpa de ter un gasto maior do previsto, e realmente o que demostra é a falta de palabra do Pp e os elementos que coloca para xestionar a educación, insensíbeis aos problemas reais do alumnado.

O Bloque de Silleda cre que chegou definitivamente a hora de afrontar este tema entre todas as administracións posíbeis, Xunta -quen xa comprometera polo menos a cantidade devandita- e Concello de Silleda, quen debe mesmo fixar a cantidade a achegar nos seus orzamentos municipais de 201 e interesarse de verdade por un tema que ten abandonado economicamente, e inclusive algunha achega da Deputación, a fin de pór cada unha o seu gran de area para este curso 2014/2015 para que o patio cuberto no CEIP Silleda sexa unha realidade sen mais aprazamentos nin desculpas.

Por isto o grupo municipal do BNG solicita ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte

ACORDO

1.- Que a Alcaldía de Silleda se dirixa á Consellaría de Educación para asegurar a cantidade disposta para o investimento do Patio Cuberto do CEIP Silleda e conxuntamente entre Xunta e Concello, e mesmo coa colaboración dalgunha outra administración -caso da Deputación, por exemplo-, orzamenten a partida necesaria para a construción da cuberta e a executen neste ano lectivo 2014/2015.

Asdo. Matías Rodríguez da Torre

INTERVENCIONS:

Voceiro PP: Que o seu grupo en principio non téñen problema en apoiar esta moción, e intentar que outras administracións tamén aporten para este investimento.

Sr. Alcalde: Falaron de que non se faría, pero o concello está disposto a aportar algo.

Voceiro BNG: Si se téñen que ir o Conselleiro irase.

Votación e acordo: Se aproba por unanimidade.

7.5 .- Klaus Brey Montaña, voceiro socialista, na Corporación Municipal do Concello de Silleda, no seu nome propio e no de todos os concelleiros do Grupo Municipal do PSdeG-PSOE, presenta ó Pleno para o seu debate e aprobación se procede a seguinte

MOCION

A autoestrada de peaxe, Autopista Central Gallega ou AP-53, de Santiago de Compostela-Ourense representa unha vía de alta capacidade que constitúe o eixo central de comunicacións entre Santiago e Ourense, facilitando a comunicación entre os principais núcleos de poboación da área xeográfica atravesada. É una das máis caras de todo o estado español.

A lonxitude da vía na que os usuarios deben aboar unha peaxe de 5.95 €, é de 41 Qm, unha cantidade que ano a ano incrementase nunha escalada imparable, agravada dende 2011 polo aumento do 0.5% a sumar ao fixado no IPC como imposto para compensar as obras adicionais.

A Xunta de Galicia, presidida por Alberto Núñez Feijóo asumiu, como compromiso electoral, que a mobilidade da poboación galega con independencia do seu lugar de residencia non se vira condicionada polo pago de peaxes, presentando na pasada lexislatura plans como o MOVE, con obxetivos fixados ao respecto.



Para a consecución dese objetivo, o goberno galego aprobou o Decreto 54/2010 do 31 de marzo, polo cal aprobábase o convenio entre a Xunta de Galicia e Autoestradas de Galicia, Autopistas de Galicia, Concesionaria da Xunta de Galicia S.A., mediante o cal se regulaba a bonificación das peaxes nas autoestradas: A Coruña-Carballo (AG 55) e Puxeiros-Val (AG-57), consistente nunha redución do 25 % sobre o importe da peaxe na viaxe de volta e a redución dun 50 % na última viaxe canelo se realice mais dun traxecto.

A intención do goberno popular, ou así 110 trasmite aos cidadáns sempre que hai eleccións é lograr a transferencia da AP-53 e poder aplicar tamén estas condicións as súas peaxes. Para acadalo solicitaron ao Ministerio de Fomento, nos anos 2009, 2010 Y 2012, a transferencia da titularidade desta vía co fin de poder negociar directamente coa concesionaria os axustes nas tarifas, sen obter por parte do Ministerio resposta algunha ata a data.

Ata o de agora o argumento para paralizar calquera negociación de traspaso é a devolución do crédito, mediante uns préstamos participativo de 60 millóns de euros, aportados no seu día polo goberno central para a construción desta vía de alta capacidade, que o Ministerio pretende recuperar e do que a administración autonómica non quere facerse cargo. Pero o certo é que, segundo os datos do IMD dos últimos meses, supéranse dende o 2009 na maioría dos treitos a cantidade de vehículos diarios a partires dos que a concesionaria debiera ir remunerando o préstamo participativo con pagos ao Estado do 50% dos ingresos das peaxes, netos de IVA, tal e como se recolle nos pregos das bases e nas cláusulas administrativas particulares para a construción, conservación e explotación da autoestrada de peaxe AP-53.

Por outra banda, na autoestrada de titularidade estatal AP-9 que tamén discorre enteiramente por Galicia o Goberno Central chegou a un acordo coa concesionaria para establecer rebaixas de peaxe no treito que une a Vigo con Pontevedra pois tamén esas tarifas eran superiores á media e o Goberno do Estado negociou esa rebaixa. A finais do ano 2012 a ministra Ana Pastor anunciou o acordo coa concesionaria que se veu refrendado coa súa publicación no BOE o 13 de febreiro de 2013. Por ese acordo o usuario que ten telepeaxe aforrara a totalidade do traxecto de volta se este se realiza no mesmo día. Entendemos que esta medida, xusta para os vigueses e pontevedreses, debería selo para os usuarios da AP-53 que fan fronte a unha peaxe excesiva.

Por todo elo, o Grupo Municipal Socialista no Concello de Silleda, presenta a seguinte proposta para a súa aprobación polo Pleno

- Solicitar ao Goberno Central do Estado a urxente transferencia da autoestrada AP-53.
- Mentras a transferencia non se realice o Goberno Central adoptara unha rebaixa similar as condicións establecidas para a AP-9 no treito Pontevedra-Vigo pola cal aos usuarios de telepeaxe saíralles gratis o traxecto de volta cando se realice no mesmo día.

En Silleda, a 23 de setembro de 2014.

Klaus Brey Montaña Voceiro

INTERVENCIONS: os 3 grupos manifestan o seu acordo.

Votacion e acordo: Se aproba por unanimidade.

7.6 .- Matías Rodríguez da Torre, concelleiro acreditado do Bloque Nacionalista Galego no Concello de Silleda, presenta en nome de Galiza Nova Trasdeza para o

debate e acordo en sesión plenaria a seguinte MOCIÓN PARA A MELLORA DO TRANSPORTE PÚBLICO EN AUTOBÚS

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

O transporte público é unha das principais ferramentas para a vertebración dun territorio, xa que nos permite desprazarnos entre dous puntos evitando a utilización do vehículo privado. Unha forma de mobilidade, esta última, que non é accesible para todas as persoas. Ademais de que estamos ante un modelo na actualidade, baseado no vehículo privado, totalmente insostible se falamos en termos medioambientais. De aí que defendamos o uso e promoción do transporte público, xa que se trata dun modelo máis democrático e sostible.

No concello de Silleda son varias as rutas prestadas polo transporte público, con varios destinos mais é cara a cidade de Santiago de Compostela, a que máis usuarios rexistra xa que se trata da cidade de referencia tanto para o concello como para a comarca. Mais o feito de ser a ruta con máis usuarios, o servizo prestado deixa moito que desexar. Na actualidade tan só dispoñemos dun modo de transporte público, neste caso, o autobús, xa que a única alternativa que había foi desmantelada o verán pasado (o tren rexional con paradas en Abades e Taboada).

Un dos maiores inconvenientes á hora de utilizar o transporte público é o seu prezo. Nos últimos anos estamos a sufrir un aumento dos prezos, sendo o mesmo servizo prestado na actualidade que hai anos atrás. O prezo na actualidade do traxecto Silleda-Compostela é de 4'35, ida tan só, mentres que dende A Bandeira é de 3'55. Polo que estamos a destinar preto de 10 euros, no caso de que fagamos unha viaxe ida e volta. Son varias as posibilidades para rebaixar o prezo, entre elas, a utilización do Carné Xove (20% de desconto) tan só aplicable dende a estación de autobuses de Compostela ou a compra de bonos.

Outro dos inconvenientes é a súa masificación en certos días da semana, sendo o máis destacado o venres, cando boa parte dos estudantes instalados en Compostela se desprazan até os seus fogares. Non é nada estraño ver a varias persoas un venres, ir de pé varios quilómetros no propio autobús, cando pagaron, ó igual que os demais usuarios, polo dereito a un asento. Isto supón, por unha parte un forte perigo en caso de accidente ademais dunha incomodidade para o propio usuario. A pesares destes riscos, o autobús segue sendo para moitos, a única maneira de desprazarse dende Compostela.

Por último, un dos maiores problemas debido ás confusións que crean, son os horarios das diferentes frecuencias que hai ó longo do día. Por unha parte, os paneis informativos do Concello de Silleda. Estes están instalados dende o 2012 e son varios os que son ilexibles debido ó paso do tempo ou á falta de coidado.

Xunto ós paneis informativos, está a propia páxina web da empresa que ten a concesión da liña (*Monbus*). Se nos guiamos por esta ferramenta, podemos comprobar que a vila de A Bandeira perdeu varias frecuencias. Isto pode levar a confusións por parte dos usuarios xa que non saben se segue habendo os mesmos servizos ou houbo unha supresión de varios destes.

Dende Galiza Nova Trasdeza, defendemos a promoción e o uso do transporte público, para todas as persoas e o mellor accesible posible, con prezos asequibles sen continuas subidas de prezo e de calidade, sen masificacións nos propios autobuses nin as confusións que se crean cando queremos obter información sobre os servizos.

"Un país non será rico cando os pobre teñan cadanseu vehículo, se non, cando os ricos utilicen o transporte público"



Por todo o exposto desde o grupo municipal do BNG e no nome da proposta presentada por Galiza nova Trasdeza, solicítase do pleno a adopción do seguinte

ACORDO:

1º Que o goberno local de Silleda proceda á actualización dos paneis informativos nas diferentes paradas de bus no concello de Silleda.

2º Que o goberno local de Silleda promova a cooperación entre os concellos da comarca para aumentar o número de frecuencias nos días de masificación e evitar posibles problemas.

3º Que o concello de Silleda convenie con Monbus e demais empresas de autobuses a posibilidade da emisión de descontos establecidos para estudantes ou outros posibles usuarios.

4º A apertura por parte do goberno municipal dunha convocatoria para unha bolsa de mobilidade para todos aqueles estudantes que o precisen, tanto para Compostela como para calqueira destino. Desta maneira complementaríase o desconto establecido pola propia empresa Monbus. Unha axuda que podería ser establecida para os estudantes no que a unidade familiar teña unha renda baixa ou moi baixa.

5º A defensa e promoción por parte do Concello de Silleda polo transporte público.

Silleda, 25 de setembro de 2014 Asdo./ Matías Rodríguez da Torre

INTERVENCIONS: os 3 grupos manifestan o seu acordo.

Votacion e acordo: Se aproba por unanimidade.

8º.- ROGOS E PREGUNTAS.

VOCEIRO PP

- **Rogos:** Roga a posibilidade de un circuito de BMX
- **PREGUNTA:** ¿Qué pasa coas Subvencións interés turístico? **RESPOSTA:** primeiro hai que xustificalas e logo as pagan.
- **PREGUNTA:** Gastos Abogados, cal é a cantidade ?. **RESPOSTA:** o comprobarei e lle darei a resposta.

PREGUNTA: Na rúa do Cine hai un contenedor de aceite. Habería que movelo...
RESPOSTA: se mirará...

VOCEIRO BNG

- **PREGUNTA:** Recurso Servico Lúdico. ¿Qué pasa co recurso que presentaron 2 empresas que participaron no concurso? **RESPOSTA:** Se lle vai a notificar nos vindeiros días. Xa está acordado.

- **PREGUNTA:** ¿Por qué pechou a Casa da Xuventude en Agosto? **RESPOSTA:** Pois por que coinciden as vacacións do personal con que os rapaces resulta que é o mes que menos a usan.
- **PREGUNTA:** O bordillo parada de taxis insisto , a ver si se arranxa... **RESPOSTA:** O bordillo dos taxis haberá que intentar facer algo pero tropézase en todos os sitios, xa o falamos tantas veces...
- **PREGUNTA:** Alerta sobre o perigo nos pasos de de peóns da N-525, que se comunique a Fomento. **RESPOSTA:** O paso de peóns, é igual, non podes poñer unha banda sonora, porque nola van a arrancar mañá e poñer unha multa. Facemos todo o posible. Reiteramos eso: non podemos poñer bandas rugosas
- **PREGUNTA:** A zona do Muiño de Covián está impracticable, a monte... Hai que arranxalo. **RESPOSTA:** si, de acordo, hai que facelo. Xa se lle dedicaron moitos cartos, pero está moi mal. Douche a razón total e absoluta de que está a monte, pero está a monte porque non damos chegado a todos os lados
- **PREGUNTA.** Nalgún momento o Alcalde ten pensado realizar convites a tódolos empresarios, según o sector, para a adxudicación dos concurso públicos. Cando estabamos nós aí, había unha obrigatoriedade de facelo. E non aos amigos de sempre. Están acabando coa paciencia dalgunha xente.
- **RESPOSTA-** Os concursos públicos das empresas, pois, o que nos estamos dando conta é que os últimos concursos de obras que estamos facendo é que os números do concello van moi ben, pero somos demasiado aforradores porque para que non nos pase como nos pasou como o proxecto que fixeche ti da casa da cultura que non houbo ninguén que o quixera, nos últimos concursos non hai que se nos queira presentar porque preparamos os proxectos demasiados xustos.
- **PREGUNTA.** Pasounos o Secre a resolución da moción do último pleno dos Concellos parroquiais e vén a dar a razón no sentido de que os Concellos parroquiais os vocais poderíanser de 0 a 5 e se poderían constituír de 2 a 7 persoas. Por tanto hai que constituír aqueles plurais que tiñan máis do 20%. Outro punto que nós propuxemos 'a substitución de delegados parroquiais designados a dedo polo alcalde polas entidades legalmente constituídas na parroquia no caso de que existencia de colectivos legalmente constituídos, así o permiten' non está respondido no informe. Polo que supoñemos que o cumprimento da moción será tal e como dí aquí. Terá que haber unha comunicación oficial do Concello a esas parroquias para ver si xente desa asociación quere ser representante parroquial, e se non a hai, non está cumprindo coa moción.
- **RESPOSTA:** Sí, a verdade é que o Sr. Secretario fixo un informe moi intelixente, xa que lle da a razón as dúas partes, je, je,... Actuárase como dí o Regulamento.

Non habendo máis asuntos que tratar conclúe a sesión as 2320 horas do día 25 de Setembro de 2014. Do que, como Secretario, DOU FE.

SECRETARIO



Manuel Quintans Queiruga